

XIV **FESTIVAL**

BETANJAZZ+



CASCO HISTÓRICO



CONCELLO DE
BETANZOS

BETANZOS
cerca

19 xul. 21:30 h

**GABI TRIANA
QUINTET**

en concerto



20 xul. 21:30 h

**COLECTIVO
ZAFRA**

en concerto



Lugar Praza da Constitución En caso de choiva ou mal tempo **BETANJAZZ+** desenvolverase na Aula de Cultura Xulio Cuns

Organiza



dentro da Rede Cultural
da Deputación da Coruña



+info cultural en
www.betanzos.gal



XIV FESTIVAL



BetanzJazz é +:

O **BetanzJazz+** chega ao verán betanceiro este ano na súa XIV edición con novas propostas.

Nacido do contaxio de diferentes músicas, este festival confirma o seu formato e os seus horizontes para darlle cabida ás novas expresións da música improvisada contemporánea, mantendo esa cualidade rítmica especial coñecida como swing, e o recoñecido papel da improvisación.

BetanzJazz+ mantense como unha xanela na que o público teña a posibilidade de poder coñecer de primeira man propostas actuais do diálogo entre as músicas do mundo e a música improvisada que se fai en Galicia.

GABI TRIANA QUINTET



sábado **19** xullo

Gabi Triana Quintet é o proxecto persoal liderado polo coruñés Gabi Triana, cantante que interpreta cancións cun estilo suave, cercano, e melódico e a menudo cun tono íntimo e cercano, onde amosa o seu lado máis fresco, íntimo e desenfadado a partes iguais.

Gabi Triana Quintet, rememora o son dos estándares vocais americanos de principios e mediados do século XX, pero cunha sonoridade orixinal e particular que conflúe entre o jazz clásico, o máis moderno, o rhythm & blues e a bossa nova, baixo os arranxos musicais de Miguel González e Alber Grela, que forman parte deste proxecto.

O grupo ofrece un repertorio de jazz con influencias latinas e blues, achegando un espectáculo vibrante que se adapta tanto a espazos íntimos como a escenarios máis grandes.

Formación:

Gabi Triana, voz.
Miguel González, saxofón.
Alber Grela, guitarra.
Miguel Piñeiro, contrabaixo.
Brais Villar, batería.

Organiza

COLECTIVO ZAFRA



domingo **20** xullo

O Colectivo Zafra, nace da inquietude dos seus membros de transmitir as súas vivencias á xente a través da súa propia música.

A proposta baséase na presentación dun repertorio orixinal composto e arranxado na súa maior parte polo baixista e contrabaixista Charly Drop, membro fundador do grupo. O conxunto de pezas que presenta no seu directo inclúe tamén versións de obras moi representativas do repertorio de jazz latino escollidas de xeito orixinal có obxectivo de crear un repertorio novo e entretido para o espectador.

Colectivo Zafra fala do sacrificio e sudor desde a perspectiva musical dun grupo de profesionais que compoñen música para gozar, sentir e conectar.

Colectivo Zafra está formado por 6 músicos altamente cualificados e cunha posta en esca de primeira categoría.

Formación:

Carlos Alberto Santos, contrabaixo.
Dianarys Tarín, voz.
Pablo Añón, saxofón.
Iago Mourinho, piano.
William Díaz, trombón.
José Miguel Cabana, batería.

